

Limiar

Na XXVII edición do Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López

Aínda estaba recente o pasamento do noso gran amigo, destacado escritor e Fillo Predilecto do Concello de Paradela, Manuel Oreste Rodríguez López, e nunha xuntanza de amigos xurdiu a idea de convocar un certame literario co seu nome para lembrar a súa vida e obra, descubrir novos valores da escrita e facer resoar moi alto e moi lonxe o nome deste concello, fito no Camiño Francés a Compostela.

Como lóstregos pasaron os anos e camiñamos pola edición XXVII destes certames que foron medrando en número e calidade dos traballos presentados, que nos chegan de todo Galicia, e de innumerables puntos do resto de España e dos países de fala hispana, de xeito que cada ano son ao redor dun milleiro os aspirantes aos modestos pero valorados premios que o xurado outorga aos mellores de cada categoría.

Adoitamos dicir que o noso homenaxeado, desde o ceo dos galegos, acolle e apoia esta iniciativa literaria como en vida fixo con todos os esforzos culturais que xurdían na súa contorna. E o certo é que a súa figura e, sobre todo, o seu exemplo, nos inspira e nos empuxa a difundir a súa obra, o seu sentir, que o fixo exemplo de galegüidade nas terras catalás desde as que logrou irmandar de xeito firme aos galegos da emigración cos galegos da terra.

Amou profundamente Paradela; estudou a súa historia, as súas tradicións e a vida dos paradelenses, chegando a ser o intérprete máis fiel de como somos, como nos sentimos e como queremos ser as xentes desta terra.

Cada Certame -xa está en marcha a edición XXVIII- é como unha revisión do que sabemos do noso Manuel Oreste, unha revisión da súa obra, e a permanente sorpresa de que, aínda que os anos nos vaian axudando a ver con maior claridade a fondura e calidade do seu labor, sempre atopamos novos matices, novas fiestras ás que asomarnos, novos elementos nos que apoiarnos para acreditar que o noso autor, un dos primeiros paradelenses na nosa historia, entendía a grandeza do pasado común, axudounos a construír a Paradela do presente, e seguirá estando connosco, inspirándonos, marcándonos vieiros, axudándonos a camiñar na Paradela do futuro.

Neste ano no que celebramos o Bicentenario de Paradela como concello, desde este fito do Camiño a Compostela, no meu nome e no nome dos habitantes do Concello, quero agradecer a todos os participantes (premiados ou non) o seu traballo; aos medios que difunden as nosas mensaxes, o apoio a este Certame; aos membros do Xurado o seu difícil traballo de premiar unha presa de traballos entre o milleiro de excelentes poemas e narracións que recibimos, e enviar a todos un garimoso saúdo, e a seguridade que Paradela, Senda Infinita, sempre Camiño, acollerá como amigos a todos os que aquí cheguen, como estamos acollendo aos que veñen para quedarse conquistados pola natureza, pola auga, polo verdor, pola vida e pola paz que desfrutamos.

Que este Certame que naceu para fomentar a escrita, sementando cultura, sexa (xa o é!) un dos elementos que nos singularizan, que nos fan diferentes, cunha diferenza que queremos igualitariamente compartir, na seguridade de que seguiremos a ser un pobo enormemente feliz cando nos visiten, nos escriban, nos falen... ou, simplemente, pensen en nós.

Paradela, Concello Bicentenario.
15 de decembro de 2022.

O Alcalde
José Manuel Mato Díaz